



*XI - FESTA  
DO  
CALDO GALEGO*

*ANO - 2002*

*PREGON de :*

*D. JACOBO PEREZ PAZ*

*Areales Mourente - 10 de Marzo de 2002  
Pontevedra*

PREGON DE JACOBO PEREZ PAZ, PARA LA "XI FESTA DO CALDO  
GALEGO" AREALES- MOURENTE (PONTEVEDRA)

DOMINGO DIA 10 DE MARZO DE 2.002  
HORA.- 13,00

→ Caldo "O Galo"

BOAS TARDES MEUS AMIGOS  
QUE VIÑECHEDES A MOURENTE,  
OS QUE SON DESTE LUGAR  
E OS QUE VISITAN A XENTE.

MOITOS TEÑEN XA FALADO  
DAS CUALIDADES DO CALDO,  
DE VERDURAS OU CASTAÑAS,  
DE FABAS, PITAS E GALO.

DOS CALDOS LIMPOS DE PREÑADAS,  
DE PARIDAS E ABORTADAS,  
DE RICOS, PROBES E PORCOS  
E DO QUE FAN NAS MONTAÑAS.

NESTA TERRA PREGOARON,  
XENTE DE MOITA VALÍA,  
PERO NINGÚN RESEÑOU,  
QUE O CALDO SE COME DE DÍA.

CALDO DE BERZAS E GRELOS,  
DE CARNE DE VACA E DE POLO,  
DO QUE COME O VOSO CURA,  
E TAMEN COME XACOBO.

TODOS FALARON DO CALDO,  
COMO ENCICLOPEDIAS ANDANTES,  
PERO EU NON O VOU DICIR,  
OUTROS XA FALARON ANTES.

TODOS SABEDES FACER  
A VOSA MANEIRA O CALDO,  
E QUE VOS APROVEITE BEN  
E SE EMPACHA AMOLARVOS.

FALARON DAS TRADICIÓN,  
DO CALDO DA NOSA TERRA,  
DO QUE SE FACÍA NO POTE  
E O QUE SE FAI NAS TARTEIRAS.

A D. Santiago Paz  
e los amigos  
de Mourente  
por la XI FESTA DO  
CALDO GALEGO.  
10/02/02  
Ca c/p/a  
2002

DO CALDO DE UNTO VELLO,  
DE CACHEIRA E LACÓN,  
CON CHOURIZOS E XARRETE,  
ESA E A MIÑA PERDICIÓN.

DO CALDO DE BERZAS E UNTO,  
SAL E AUGA UN MONTON,  
DOS QUE LLE VOTAMOS BROA,  
PRA FACER A DIXESTIÓN.

O CALDO, NON SE CONFUNDAN,  
TEN PODERES DE ERECCIÓN,  
TOMOUNO O CONDE LECQUIO  
E CASE SE EMPADRONOU.

A SONIA MOLDES FACÍA  
UN BO CALDO PARA O LAMBÓN,  
E A MARTINEZ DE IRUJO  
ANTES DA SEPARACIÓN.

SE O PAQUIRRIN LLE VOTARA  
MAIS UNTO E ADICACIÓN,  
SEGURO QUE LA EUGENITA,  
NO O DEIXABA COMO O DEIXOU.

TAMEN FIXERON HAI TEMPO,  
BO CALDO PARA "A MARMITA",  
DUAS MULLERES DE ESPAÑA,  
SARA MONTIEL E MARUJITA.

AGORA GALIÑAS VELLAS,  
ANDAN COA REVOLUCIÓN,  
DOS CUBANOS EN ESPAÑA  
E CHINGANDO UN MONTON.

¡COMO ESTA O PATIO SEÑORES!,  
E O PRODUCTO NACIONAL,  
QUE PARA VOTAR BOS FOGUETES,  
ATA TEMOS QUE EMIGRAR.

OUTRAS FESTAS ENVEXARON  
TER TANTA PARROQUIA XUNTA,  
PERO SANTIAGO LAIA NON ESQUEZA  
PEDIRLLE CARTOS A XUNTA.

Ó CONCELLO E A DEPUTACIÓN,  
E TAMEN PORTA CON PORTA,  
OS DA COCA-COLA E DA FANTA,

E OS QUE NON PAGAN A CUOTA.

E QUE VIVAN OS "DO CASTRO"  
OS EMPRESARIOS E A ASOCIACIÓN,  
O CONCELLO DE PONTEVEDRA,  
E OS SEÑORES DA DIPUTACIÓN.

GRACIAS TAMEN AS ORQUESTRAS,  
PARIS DE NOIA E SINTONÍA,  
GRAN PARADA TOCA A NOITE,  
E OS COROS O MEDIODÍA.

NORABOA OS PREMIADOS,  
E TAMEN OS HOMENAXEADOS,  
COS POTES DE PRATA BONITOS,  
QUE NON FORON DE FIADO.

COMEDE CUNCAS DE CALDO,  
E DE CARNE DO COCIDO,  
TENERA, MORRO E CHOURIZO,  
PATACAS, ORELLA E TOUCIÑO.

E SOLO POR UN EURO E MEDIO,  
DUAS CINCUENTA O CAMBIO,  
QUEN NON GASTES ESES CARTOS,  
SE QUEDA SEN PAPAN O CALDO.

BEBEDE VIÑO DE ARREO,  
HOXE E FESTA, NON HAI TRABALLO,  
VEÑA A XENTE A MOURENTE,  
E SENON ¡A RASCAR O CARALLO!

A CUNCA PODES LEVAR  
PRA ENSEÑARLLA A TÚA MULLER,  
E DECIRLLE QUE NON SE PREOCUPE  
QUE A ESTA FESTA ÁS DE VOLVER.

E SEQUERES BAILA HOXE,  
QUE ESTAMOS DE CUARESMA,  
QUE CANDO CHEGUE A PASCUA,  
ACABOUSENOS A FESTA.

VIVAN TODOS OS VECIÑOS,  
E OS QUE VEÑEN DE FORA,  
A COMER DO NOSO CALDO,  
E COMER DESTAS CAZOLAS.

AS AUTORIDADES PRESENTES,  
QUE ESTAN HOXE NO AREAL,

QUE TAMEN COMAN O CALDO,  
E QUE NON LLES SENTE MAL.

E QUE VIVA O CONDE LECQUIO,  
MATAMOROS E ROCÍTO,  
MARUJA DÍAZ E DINIO,  
SARA MONTIEL E O SEU CUBANITO.

LUIS RIAL, GUILLERMO CAMPOS,  
SANTIAGO LAIA E A COMISIÓN,  
OS QUE FAN A FESTA DO CALDO,  
E OS QUE DERON O PREGON.

REMATO SEÑORAS E SEÑORES,  
PARA PRACER BEN FOI,  
VIR O AREAL DE MOURENTE,  
A LEER O MEU PREGÓN.

SE ALGÚN ESTÁ MOLESTO,  
QUE SE FODA -CON PERDON-,  
PERO A FESTA É FESTA SEMPRE,  
E AS RISAS RISAS SON.

NON FALEI DE ROSALÍA,  
NIN DE PLINIO NI ESTRABÓN,  
GENOFONTE QUEDOU NO POTE  
E PICADILLO HASTA SE ME OLVIDOU.

NON FALEI DE ANGEL BURGO,  
QUE DESTO SABÍA UN MONTON,  
NIN DE ALVARO CUNQUEIRO,  
VAIA OLVIDO ¡POR FAVOR!

PERO OUTROS VIRAN PRO ANO,  
A FALAR DESA CONDICIÓN,  
TODOS POLO LIBRIÑO,  
E XACOBO XA MARCHOU.

GRACIAS POR ESCOITAR,  
AS MIÑAS VERBAS FESTEIRAS,  
QUE SOLO QUIXERON TRAER  
ALEGRÍA A ESTA FEIRA.

COMEDE CALDO E BO VIÑO,  
QUE EU TAMÉN O FAREI,  
E SE ME INVITADES PRO ANO,  
PROMETO QUE VOLTAREI.

GRACIAS E BON PROVEITO.